

ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DE 15 DE DECEMBRO DE 2008

No salón de sesións da Casa do Concello de Bergondo, a quince de decembro de dous mil oito, sendo as vinte horas e trinta minutos, ten lugar a sesión extraordinaria do Pleno municipal presidida pola alcaldesa, D.^a Alejandra Pérez Máquez, do grupo socialista, con asistencia dos/as señores/as concelleiros/as seguintes:

Grupo municipal Socialista:

D. José M. Francisco Mata Buyo
D. Jesús Vázquez García
D. Francisco Javier Santos Maseda
D.^a M.^a Begoña Calviño Dorado
D. Domingo Fuentes Rocha

Grupo municipal do Partido Popular (PP):

D. José Eduardo Zapata Roel
D.^a Silvia María Vázquez Cardelle
D. José Luis Dans Medín

Grupo municipal Veciños de Bergondo (VB):

D. Francisco Manuel Fafián Torreiro
D.^a María del Loreto Caseiras Arroyo

Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG):

D. Manuel Parga Fernández
D. Antón Sánchez García

Así mesmo asiste:

A interventora municipal: D.^a Laura Gutiérrez Ortiz
A secretaria xeral: M.^a de las Mercedes Fernández González

ORDE DO DÍA

ORZAMENTO MUNICIPAL ANO 2009. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA

Dáse conta da proposta de Alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión informativa de asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:

“Formado o Orzamento Municipal para o exercicio de 2009 pola señora Alcaldesa deste Concello, ó que se lle une a documentación que preceptúa o art. 168 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo,

Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e realizada a tramitación segundo o sinalado na lexislación vixente nesta materia (arts. 162 a 171 do citado Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 18 a 20 do R.D. 500/90 de 20 de abril) e visto o informe emitido pola Intervención en sentido favorable, propónse a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente o orzamento desta Entidade para o exercicio de 2009, sendo a contía fixada, tanto en GASTOS como en INGRESOS, un total de SEIS MILLÓNS TRESCENTOS NOVENTA E DOUS MIL CENTO VINTE E CATRO CON CORENTA E CATRO EUROS, asignando a cada un dos capítulos as seguintes cantidades:

ESTADO DE GASTOS

<u>Capítulos</u>	<u>Denominación</u>	<u>Euros</u>
	A) Operacións Correntes	
1	Gastos de persoal	2.129.214,39.-
2	Gastos en bens correntes e de servicios	2.066.378,69.-
3	Gastos financeiros	40.000,00.-
4	Transferencias correntes	214.450,00.-
	B) Operacións de Capital	
6	Investimentos reais	1.874.180,35.-
7	Transferencias de capital	901,01.-
8	Activos financeiros	22.000,00.-
9	Pasivos financeiros	45.000,00.-
	SUMA TOTAL GASTOS:	6.392.124,44.-

ESTADO DE INGRESOS

<u>Capítulos</u>	<u>Denominación</u>	<u>Euros</u>
	A) Operacións Correntes	
1	Impostos directos	1.979.000,00.-
2	Impostos indirectos	120.000,00.-
3	Taxas e outros ingresos	1.419.937,50.-
4	Transferencias correntes	1.714.564,08.-
5	Ingresos patrimoniais	129.109,72.-
	B) Operacións de Capital	
6	Alleación de investimentos reais	0,00.-
7	Transferencias de capital	1.007.513,14.-
8	Activos financeiros	22.000,00.-
9	Pasivos financeiros	0,00.-
	SUMA TOTAL INGRESOS:	6.392.124,44.-

2º) Aprobar, igualmente, as bases de execución do devandito orzamento.

3º) Aproba-la plantilla de persoal funcionario e laboral segundo consta no expediente.

4º) Que se expoña ó público polo prazo de quinze días hábiles, para os efectos de reclamacións, conforme ó preceptuado no art. 169.1 da citada lei.

5º) Que no suposto de non se presentaren reclamacións contra o mesmo, considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, no BOP, xunto coa plantilla de persoal, segundo dispoñen os artigos 127 do RDL 781/1986, de 18 de abril, e 169.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; noutro caso procederáse de acordo co prevenido no número 1 deste último artigo.

6º) *Que de conformidade co número 4 do mesmo precepto legal, remítase copia do referido Orzamento á Administración do Estado, e á da Comunidade Autónoma.*

O Pleno decidirá o que estime máis conveniente.

BERGONDO, 1 de decembro de 2008=A Alcaldesa=Asdo.: Alejandra Pérez Máquez”

Seguidamente toma a palabra a Sra. alcaldesa e manifesta: como xa se dixo na comisión Informativa, e de feito así se recolle na acta, o orzamento deste concello estase a situar nos seis millóns e case catrocentos mil euros igual que nos últimos catro anos, a pesar que este último xa se pode considerar de crise, presentase unha proposta axustada á estabilidade orzamentaria, na que se destaca o esforzo no investimento que é practicamente unha terceira parte do Orzamento, aínda que a esta Alcaldía sempre lle gustaría que fose maior. Contense o gasto corrente, e faise unha adecuación real das partidas que se suplementan habitualmente.

Coa adecuación dos gastos de persoal tratase de evitar a temporalidade; precisamente por atender a esta realidade do concello os gastos de persoal lévanse unha gran parte do orzamento, pero sen ese persoal non se poderían levar a cabo moitos proxectos, nin os servizos básicos que o concello ten a obriga do cumprir cos cidadás.

Nos gastos correntes que poderían parecer excesivos, hai uns servizos básicos con especial atención ós maiores, e as novas obrigas que nacen despois da Lei de dependencia; e faise un esforzo por parte do concello nos temas sociais.

Os ingresos están adecuados ás previsións que temos para o ano 2009, en relación cos obtidos en anos anteriores; xa se fixo fincapé na Comisión Informativa, de facer un esforzo para a actualización dalgunhas ordenanzas que na actualidade están desfasadas, e establecer algunhas novas.

Cremos que presentamos un Orzamento real, e ó mesmo tempo cun esforzo de inversións que se intentará que sexa aínda maior, e o será, grazas ó Fondo estatal do ano 2009.

A continuación toma a palabra o Sr. voceiro do grupo do Partido Popular, José Eduardo Zapata Roel e di: penso que na Comisión Informativa xa quedou clara a postura do grupo popular; parécenos un Orzamento mellorable. Sobre todo hai unha partida que para nós é fundamental, na que se recollen os impostos de bens inmobles, cremos que as súas valoracións, tanto os de natureza rústica como os de urbana, son mellorables. A Lei do catastro prevé que as valoracións catastrais pódense adecuar ó valor de mercado, se está desfasado; e en Bergondo as valoracións catastrais nos recibos que se están cobrando están desfasadas co valor real de las propiedades; por aí poderíamos mellorar o capítulo de ingresos de forma considerable. Con isto o Partido Popular non está a dicir que se aumenten os impostos, senón que cada un pague por lo que ten; este concello ten moitos núcleos rurais, neses núcleos as propiedades que estanse a vender en cifras moi importantes en millóns de pesetas, resulta que teñen unha valoración baixa.

Tamén temos que considerar que os censos están francamente mal, temos dous millóns douscentos mil metros cadrados de solo rústico, que está como descoñecido, e outras cousas moi curiosas como o caso do Sepes que ten terreos que non son seus e están ó seu nome. Deixar claro que o Catastro está a dicir que a valoración será o 50% do valor de mercado, se aplicamos isto haberíamos aumentado a recadación dun xeito importante, e é o capítulo maior, o imposto de bens inmobles.

Queremos recordar e deixar claro, ante posibles manifestacións, que o PP non está a pedir unha subida impositiva, senón todo o contrario, que cada un pague polo que realmente ten. É claro o exemplo do Consorcio, que este ano fixo un esforzo importantísimo para adecuar os padróns, dando de alta innumerables propiedades que non pagaban a recollida de lixo. É fundamental tamén que se lle notifique ó Catastro calquera licenza concedida polo concello, iso derivaría tamén nun aumento na recadación.

Con referencia ó que dixo a Sra. alcaldesa , aínda que cuantitativamente non sexa unha cifra importante, cremos que é moi importante regular mediante as ordenanzas a relación do administrado co concello, exemplos claros son a ocupación do solo, protección civil, apertura de establecementos; isto non está contemplado na nosa estrutura normativa.

Pedimos na Comisión Informativa que se contemple unha partida para o posible desvío da estrada no paso de Sampaio; isto si a obra se segue a dilatar, e como xa dixemos moitas veces, é un apaño que vai facer a Deputación, porque esa estrada sempre vai estar mal; entón temos unha posibilidade de desvío por camiños municipais, que só teríamos que chegar a un acordo con Betanzos, porque os cento e pico de metros primeiros son deles, pero sobre todo poderíamos desviar o tráfico pesado.

A maior partida en gastos, que son os catrocentos noventa e mil euros da estrada de Moruxo, están reflectidos en gastos, e despois hai un partida de ingresos de contribucións especiais, que por primeira vez aparece; se a obra se dilata, xerar todas estas contribucións podería levar un tempo, e poderíamos ter un desfase en recursos presupuestarios de catrocentos corenta mil euros.

Destacar tamén que as dúas partidas mais importantes, que son o 65%, vaise en gastos correntes e gastos de persoal, e a inversión directa é o 29%.

Por outro lado hai gastos impropios, este é un tema que xa se falou en mais dunha ocasión, que os concellos deben traballar cos seus grupos políticos, para que os asuman as administracións que son competentes, como o tema de sanidade, educación e demais... Como xa dixen debemos traballar mais dentro dos nosos partidos para que isto sexa unha realidade.

No que se refire a inversións reais, xa se dixo tamén moitas veces que cada político como persoa faría unha inversión diferente; de todas formas finalizaría dicindo que o Orzamento do ano 2009 poderían ser mellorables, pero a postura que o PP adopta, é a que adoptou ó principio da lexislatura, a de que governe a lista mais votada, neste caso o partido socialista cun 42% dos votos; non vamos a paralizar o noso concello por intereses partidistas, do que se trata é de buscar o benestar dos nosos veciños e o bo funcionamento dos nosos concellos, polo que imos votar abstención.

Sra. alcaldesa: estamos de acordo no que se refire a eses censos de descoñecidos en rústico e de incrementar os valores catastrais onde sexa necesario, polo que haberá que facer un esforzo por parte dos servizos municipais, ou incluso a través de empresas externas, o que tamén conlevaría un aumento no gasto corrente.

Sr. voceiro do PP: pero a administración ten potestade para dicirlle ó centro de xestión catastral que revise eses censos, non é necesario que teñamos que contratar unha empresa externa, é cuestión de que o Catastro actualice as valoracións existentes. O que non pode ser é que algunhas persoas paguen pola súa propiedade mil, mil cincocentos ou dous mil euros, e outras cunha propiedade similar do mesmo valor a nivel de mercado, paguen cen; o mesmo que as fincas en núcleo rural que se pode construír nelas e se están vendendo en moitos millóns de pesetas e non cobramos nada por elas.

Sra. alcaldesa: en canto ás ordenanzas, efectivamente hai algunhas actualizacións que se deberán levar a cabo, e que non implicarían un gran esforzo para os contribuíntes. A proposta do desvío do tráfico pesado por Sampaio será unha proposta que se lle fará á Deputación.

Sr. voceiro do PP: pero no momento no que se teña unha posible reclamación do proxecto, xa que un administrado ten a potestade de recorrer esa posible expropiación, podemos estar durante un tempo coa estrada sen facer, entón os veciños cortarán o tráfico con toda a razón do mundo, e por parte da administración non se lles está a dar solucións. Ademais a obra que se vai facer, non soluciona o problema.

Sra. alcaldesa: do tráfico pesado non, porque coas circunstancias que rodean aquela “famosa” curva, por moito que se lle queira reducir....

Manifesta vostede a súa preocupación polo feito de que non se cobren as contribucións especiais para a carretera de Moruxo; é un expediente que ten a súa complexidade pero se levará a cabo, ademais son partidas que están ligadas entre si.

Recalcar outra vez que os gastos improprios, gastos que non son de competencia do concello, sanidade, educación, etc; os de sanidade debería comezar a asumilos a Consellería de Sanidade no 2009, pero tamén sabemos que non vai ser a partir de xaneiro porque se van ir incorporando concellos e centros sanitarios pouco a pouco, cos convenios, así certas partidas como as de Fenosa, Telefónica, gastos de limpeza, etc. os asumiría quen os ten que asumir, o mesmo que pasa con Educación que tampouco se están asumindo, se nos outorga unha subvención ó concello pero non se asumen os gastos completos de limpeza do CPI..

A idea da Consellería de Sanidade é que no 2009 os concellos que si que están nun primeiro listado, no que figura o Concello de Bergondo, lles teríamos que ceder a titularidade dos centros, e mentres segue dedicado ó tema sanitario eles se farían cargo do mantemento.

Como dicía na Comisión, os esforzos que fagamos en educación e sanidade, e penso que estamos todos de acordo, é un ben para os cidadáns.

Sr. voceiro do PP: si, pero que o asuma quen o teña que asumir.

Sra. alcaldesa: efectivamente, porque aínda que nos dean unha subvención, non chega para cubrir todos os gastos.

Seguidamente toma a palabra o Sr. voceiro de Veciños de Bergondo, e di: nós mantemos a postura que dixemos na Comisión Informativa, entendemos que son uns gastos continuistas.

Na partida de inversións outra vez por ano consecutivo non se cumpre o acordado, ademais cremos que habería que facer mais esforzo, a Alcaldía di que fai esforzos cos nosos maiores e no departamento de Asuntos Sociais só vai contratar unha persoa mais. Cremos que habería que fomentar mais este departamento, sobre todo co que ven encima, protección a maiores, etc. E despois na parte medioambiental, este concello esta totalmente abandonado; había un proxecto en marcha que había acometido o anterior alcalde, do río de Lubre, e non sabemos nada del. A recuperación dos ríos e moi importante, sobre todo agora mesmo co desvío das augas de Bos, tal e como están estes días os ríos pois non son o que deben ser para o futuro.

Coa partida de inversións estamos moi descontentos, porque dos cinco acordos plenarios que tivemos o anos pasado, só se cumpriu un. O resto, o Centro de Día segue mantendo a partida que puxo o ano pasado, a ver se este ano se fai algo...., a carretera de Santa Marta segue sen amañar...; polo tanto a nosa postura vai ser votar en contra, dóenos tomar esta decisión, pero entendemos que polo menos os acordos plenarios deber cumprirse. Non pode dicir a Sra. alcaldesa que outra vez temos o 29% de compromiso en inversións, cando este ano creo que non se chegou ó 40% de execución, debese facer mais fincapé para que o que se propón para inverter, se cumpra.

Sra. alcaldesa: precisamente por iso, porque este é un presuposto para cumprir, é un dos motivos polo que non se inclúe o proxecto do Rio Maior; traerase a Pleno para que o vexa a Corporación, pero ten unha características un pouco especiais en canto a expropiacións e demais e podería ser un pouco mais longo, é dicir, nós o que estamos traendo agora mesmo no anexo de inversións son proxectos para empezar a contratar no mes de febreiro o marzo, independentemente do Fondo estatal.

Di vostede que deberíamos facer maior esforzo en medioambiente, pois polo menos agora este concello, a través de plans de cooperación, conta cunha Técnica de medio ambiente, e vendo a necesidade e o traballo que se fai, non descartamos incluír unha praza na relación de persoal fixo.

Sr. voceiro de VB: pero non serve de nada ter unha persoa que se vai dedicar a temas medioambientales senón hai un mapa de actividades, eu penso que hai que empezar por aí.

Sra. alcaldesa: ou ó revés, será o técnico quen nos diga cales son as carencias no tema, e as accións que se poden levar a cabo.

Di vostede que tamén debemos facer un esforzo no tema dos maiores, figura na Memoria da Alcaldía a contratación dun ou dunha traballadora social, pero a través de empresa externa si se está tendo mais persoal de asistencia na axuda no fogar, é dicir, non figura no capítulo de gastos de persoal pero si se está atendendo a mais dependentes; figura en gasto corrente; incluso nos Programas de Cooperación sempre se pide persoal para servizos sociais.

Con respecto ó Centro de Día, como dixemos na Comisión Informativa, a idea que ten o grupo de goberno é iniciar un estudo neste ano 2009.

En canto a estrada de Santa Marta, hai unha partida de 200.000 euros, que contempla amaños de estradas, e tamén está o Fondo estatal para poder incluír estes proxectos.

Sr. voceiro de VB: xa estaba o ano pasado tamén.

Sra. alcaldesa: o Fondo estatal non.

Sr. voceiro de VB: o que mais nos preocupa é que se este ano non cumprimos o 40% das inversións, moito hai que correr este ano que ven para cumprir o que propón vostede.

Sra. alcaldesa: pois teremos que correr moito no ano 2009, si. De todos modos, entendo a postura, pero votar en contra duns presupostos indicaría que este concello non podería facer inversións, seguiríamos cun presuposto prorrogado e non fariamos tampouco inversións.

Sr. voceiro de VB: cando un ten interese en que saian as cousas séntase a falar, se propoñen por ambas partes, como fixo o anterior alcalde o ano pasado.

Seguidamente toma a palabra o Sr. voceiro do Bloque Nacionalista Galego, Manuel Parga Fernández e manifesta: nós, como xa dixemos na Comisión Informativa, imos votar en contra; un dos motivos é polo tema dos servizos sociais, que efectivamente supoñen un capítulo importante do gasto, pero ese tema se solucionaríase entrando no Consorcio galego de servizos sociais, o importe das subvencións ampliaríase dunha maneira significativa, e poderíase levar a cabo cun 80% de subvención da Xunta o Centro de Día; eses servizos sociais que tanto se fala do que hai que gastar, pois hai que poñer os medios para prestalos e polos canles que hai, porque ir contra do establecido vale, pero parece un pouco absurdo que por parte do PSOE, que esta no goberno da Xunta e que establece xunto co Bloque ese canle, sexa rexeitado por representantes do PSOE.

Outro punto no que nós estamos en contra é o das contribucións especiais, é a primeira vez, que eu saiba, que neste concello se impoñen contribucións especiais, o cal crea un agravio comparativo entre veciños, xa que todas as obras que se fixeron ata agora nunca tiveron que aportar. Nós pensamos que non se deben poñer para esta obra, no Plan Xeral hai a previsión dunha urbanización de luxo en Moruxo, que si que podería aportar cartos para esa obra, se o dito Plan estivera aprobado e en execución.

Por último, hai un crédito de Caixa Galicia que estaba destinado a obras de saneamento e non se gastou practicamente nada, nós pensamos que se debeu negociar unha ampliación no tempo para seguir coas obras de saneamento, que é para nós un problema fundamental.

Sra. alcaldesa: estou de acordo en que é un problema fundamental, só recalcarlle que non se gastou no seu momento porque varios proxectos dos que ían ser financiados con cargo a ese préstamo os subvencionou Augas de Galicia, falamos do 2006 e do 2007, e non era ampliable, xa que o fora unha vez, en todo caso si esta Corporación o ve conveniente, acudiremos a outra operación de crédito no momento en que se considere oportuno.

En canto ás contribucións especiais, di vostede que é un agravio comparativo, pode ser, pero de dúas dimensións, porque moita xente que está construindo agora as súas vivendas está facendo as súas aceras,

está pagando por facelas; a xente de Moruxo no seu momento non pagou e agora se lles van facer, entre outras cousas, e se lles incrementa o valor da súa propiedade, é algo que tamén tiveron que pagar o resto dos veciños de Bergondo.

Sr. voceiro do BNG: pero tamén se fixeron aceras en moitos sitios sen cobrarlles nada ós veciños.

Sra. alcaldesa: si, onde era público.

Sr. voceiro do BNG: ademais vai ser unha estrada con dous viales de tres metros, mais metro e medio entre os dous extremos sete metros e medio; un ancho innecesario, pero o proxecto xa está; hai veciños que a queren así, pero outro non. Os que teñan pensado construír, si teñen ese beneficio, pero os veciños que xa viven alí non vexo que beneficio teñen.

Sra. alcaldesa: si o teñen, porque, evidentemente, se lles revaloriza a propiedade.

Sr. voceiro do BNG: revalorizáselle se a queren vender, se non, non.

Sra. alcaldesa: en canto ó terceiro punto que vostede dicía, o Consorcio dos servizos sociais, xa no seu momento o partido socialista manifestou a súa postura en canto á inclusión; non se viu nese momento esa necesidade, pero en todo caso esta aí e sempre se poderá solicitar.

A continuación procedese á **votación** da **proposta de Alcaldía**, que tivo o seguinte resultado:

Grupo municipal Socialista: seis (6) votos a favor; Grupo municipal do Partido Popular tres (3) abstencións; Grupo municipal Veciños de Bergondo: dous (2) votos en contra; Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego: dous (2) votos en contra.

Total: oito (6) votos a favor, tres (3) abstencións e catro (4) en contra.

En consecuencia, a Sra. alcaldesa declara aprobada por maioría de votos a favor, a proposta antes transcrita.

Non existindo máis asuntos que tratar, ás vinte e unha horas e quince minutos, remátase a sesión, por orde da Sra. alcaldesa, e redáctase a presente acta da que eu, a secretaria xeral, dou fe.

A secretaria

V. e Pr.:
A alcaldesa

M.^a de las Mercedes Fernández González

Alejandra Pérez Máquez